

**NOVEMBRO 2022- XUÑO 2023
CICLO DE CONFERENCIAS. PASADOS
INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E
HISTORIA**



O Grupo de Investigación HISTAGRA continuou co ciclo de conferencias PASADOS INCÓMODOS: GUERRA, MEMORIA E HISTORIA, no que participaron especialistas da historia, estudos culturais, socioloxía, xudicatura e do pensamento para analizar o pasado e a memoria, así como o seu tratamento presente.

O Grupo de Investigación HISTAGRA (<http://histagra.usc.gal>) ten como un dos seus principais obxectivos o estudo do golpe de 1936, a Guerra Civil, o franquismo e a transición política en España e neste marco de investigación se desenvolverá o ciclo de conferencias. A experiencia investigadora e profesional de cada un dos conferenciantes é contrastada o que supón compartir unha experiencia de investigación e posta en valor dun tema como é o do pasado da guerra e a memoria que segue a ser un dos vértices das políticas públicas e da investigación histórica.

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

Damos continuidade ao ciclo que comezamos en SETEMBRO de 2021 e que se pode recuperar na súa totalidade na ligazón: <https://histagra.usc.es/es/novas/839/comienzan-los-ciclos-de-conferencias-y-seminarios-de-histagra-2021-2022>

RELATORXS

Reseña



Relator: Emilio Ariel Crenzel

Título: Desaparecidos en la Argentina. Lo que aún ignoramos

Día: 03/11/2022

Hora: 12 h.

Lugar: Facultade de Historia. Aula 14.


Doutor en Ciencias Sociais (UBA). Investigador Principal do CONICET, especialista en memoria social, historia recente e xustiza transicional. É Profesor de Socioloxía da Facultad de Ciencias Sociales da UBA e de cursos de posgrado en diferentes universidades. Publicou os libros *Memory of the Argentina Disappearances: The Political History of Nunca Más* (Nueva York/Londres, Routledge, 2011); *La historia política del Nunca Más: La memoria de las desapariciones en la Argentina*, (Buenos Aires, Siglo XXI, 2008 e 2014) *Memorias enfrentadas: el voto a Bussi en Tucumán* (Universidad Nacional de Tucumán, 2001) *El Tucumanazo* (CEAL, 1991, Universidad Nacional de Tucumán, 1997 e 2015) e editou, xunto a Eugenia Allier, *The Struggle for Memory in Latin America: The Recent History of Political Violence* (Palgrave, 2015) e *Las luchas por la memoria en América latina: la historia reciente y violencia política* (UNAM, 2015).

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional



Relator: Xavier Juncosa

Título: Informes del contraespionaje francés en Barcelona y Madrid (1943-1945) en los archivos militares de Vincennes

Día: 15/12/2022

Hora: 12 h.

Lugar: Facultade de Historia. Aula 14.

Reseña biográfica

Xavier Juncosa (1956) é un cineasta, historiador, ensaísta, novelista e tradutor catalán. Foi director, creador e guionista de máis de cen documentais, entre eles os dedicados á vida e obra de Manuel Sacristán: “Integral Sacristán” (2007). Autor de novelas e ensaios como El missatger del fred. La desaparició d’Hernan Gurguí, desertor de la División Azul (2012), nos últimos anos está dedicado ao estudo dos fondos dos arquivos militares franceses relacionados co espionaxe e o exilio.



Relator: Fernando Jiménez Herrera

Título: Los múltiples rostros de la revolución. Los comités madrileños en el otoño-invierno de 1936

Día: 30/03/2023

Hora: 12 h.

Lugar: Facultade de Historia. Aula 8.

Reseña biográfica

Fernando Jiménez Herrera é doutor en Historia pola Universidad Complutense de Madrid (UCM). É especialista en historia da violencia, historia social, historia da mobilización obreira e a microhistoria. Os seus traballos centráronse no estudo dos comités revolucionarios que xurdiron en Madrid e os seus municipios contiguos durante a guerra civil. É membro de proxectos e grupos de investigación, como o Grupo de Investigación Complutense da Guerra Civil e o Franquismo (GIGEFRA).

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

Reseña biográfica

Relator: Miguel Ángel del Arco Blanco (u. Granada)

Título: Cruces de Memoria y Olvido: los monumentos a los caídos y la memoria de la guerra civil española (1936-2022)

Día: 20/04/2023

Hora: 12 h.

Lugar: Facultade de Historia.
Aula 8

Miguel Ángel Del Arco Blanco (Granada, 1979) é doutor en Historia pola Universidad de Granada, e actualmente é profesor titular de Historia Contemporánea na mesma universidade. As súas investigacións ocúpanse da historia de España no contexto da Europa de entreguerras, fundamentalmente da guerra civil, o franquismo e o fascismo. Tamén se ten ocupado da memoria das ditaduras, centrándose no caso do franquismo e prestando especial atención á represión socioeconómica e cultural.



Financiado con:





Relatora: Carmen Negrín

Título: Los archivos de Negrín: cómo y el porqué los preservó. Las consecuencias del haberlos abierto

Día: 30/05/2023

Hora: 18:30 h.

Lugar: Facultade de Historia. Aula 14

Reseña biográfica

Carmen Negrin (1947) é filla de Rómulo Negrin. Piloto da República durante a Guerra Civil. Pasou a México e de aí a París, xunto co seu irmán, a vivir con Juan Negrín. Tras o falecemento deste último, en 1956 en París, en 1960 regresa a México co seu pai, que non lograra obter permiso de residencia en Francia. Obtén a Licenciatura de Belas Artes na Universidade de Berkeley, así como a Diplomatura en Ciencias Políticas e Lingüística. Ao seu retorno a Francia en 1969, reemprende os seus estudos obtendo a Licenciatura de Letras Modernas na Sorbonne e un master en Ciencias da Educación na René Descartes, interrompido polo seu ingreso na UNESCO Preside na actualidade a Fundación JUAN NEGRIN desde onde como Albacea testamentaria do seu avó, xestiona con acerto os valiosos arquivos dos Ministerios de Facenda, Guerra e Presidencia do Goberno da República

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional



Reseña biográfica

Relator: Ángel Alcalde

Título: Orígenes del exterminio franquista: El proceso de toma de decisiones rebelde en el verano del 36

Día: 06/06/2023

Hora: 12 h.

Lugar: Facultade de Historia. Aula 13

Ángel Alcalde é profesor de historia na Universidade de Melbourne, Australia. Doutor en Historia e Civilización polo Instituto Universitario Europeo de Florencia, foi bolseiro postdoutoral da Fundación Alexander von Humboldt na Universidade Ludwig-Maximilian de Múnic. Tamén foi investigador postdoutoral no Instituto Leibniz de Historia de Europa en Maguncia, así como no Centro para a Historia do Desenvolvemento Global na Universidade de Xangai. A súa investigación centrouse na historia social e cultural da Guerra moderna, a historia transnacional, e a historia do fascismo.

Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

ESCOLMA DE FOTOGRAFÍAS

RELATORIO DE EMILIO CRENZEL



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DE XAVIER JUNCOSA



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DE FERNANDO JIMÉNEZ



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DE MIGUEL ÁNGEL DEL ARCO



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DE CARMEN NEGRÍN



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

RELATORIO DE ÁNGEL ALCALDE



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional

PROTAGONISTAS



Financiado con:



UNIÃO EUROPEIA

Fundo Europeu de
Desenvolvimento Regional